



FERDINANDO O TOURO

30 DE XANEIRO DE 2016




DÍA DA NON VIOLENCIA
E DA PAZ.


BIBLIOTECA
CEIP DE Palmeira



Vivía unha vez en España un touro xoven chamado Ferdinando. Todos os demais touros divertíanse correndo, saltando e escornándose uns a outros. Ferdinando non. El prefería sentarse á sombra dunha sobreira e ulir as flores.





A súa nai estaba preocupada porque temía que se sentira aislado, así tan soño! "Por que non xogas cos outros touros e pelexas un pouco con eles?", preguntáballe. Pero Ferdinando movía a cabeza: "estou mais a gusto aquí, ulindo as flores". A súa nai, que era comprensiva, deixábo ser feliz.



Un día apareceron cinco homes que viñan escoller o touro máis grande, veloz e fero para a corrida de Madrid. Os outros touros empezaron a correr, resoplar e empurrarse uns a outros para parecer temibles e que os elixiran.




Ferdinando **non**, el buscou unha sombra para descansar. Pero no canto de sentarse na herba fresca, sentouse sobre unha abella que o picou.



Ferdinando levantouse dun brinco, bruou coa dor, resoplou e botou a correr dando patadas ao aire coma un tolo. Os homes ao velo berraron de ledicia.

Era o touro que necesitaban!
E nun carro levárono para Madrid.

Chegou o día da corrida de touros. Que día máis alegre! Soaba a música, as bandeiras ondeaban e as mozas levaban flores no pelo. Na praza desfilaron os banderilleiros cuns paus con puntas afiadas para pinchar ao touro e poñelo **furioso**, os picadores con longas lanzas para pinchar o touro e poñelo **máis furioso** e por fin o matador, orgulloso, cun trapo vermello e unha espada.



Pouco despois saiu á praza o **TOURO, Ferdinando o terrible.**

Os banderilleiros tremían de medo, os picadores tamén e o matador estaba paralizado do susto.

Ferdinando foi ao centro da praza onde descubriu uns caraveis que as mozas lle tiraran ao matador, e sentouse tranquilamente a ulilos.



Todas as provocacións para que investira foron inútiles. Os banderilleiros estaban **furiosos**, os picadores estaban máis **furiosos** e o matador estaba tan **furioso** que chorou de rabia porque non podía presumir co trapo vermello e a espada.

Non lles quedou mais remedio que levar outra vez a Ferdinando ao seu pobo. E, si non morreu, aínda estará sentado no seu lugar favorito, debaixo da sobreira ulindo as flores e sentíndose **MOI FELIZ.**

